DE L'AMOR PER LA PARAULA:
Estudis en homenatge al professor José Enrique Gargallo Gil
2026, pp. 395–408, https://memoriadelcor.org

EXCURSIÓN FILOLÓXICA DO *QUINTO REGIMIENTO* DE BARCELONA A BAIA MARE

Manuel GONZÁLEZ GONZÁLEZ
Instituto da Lingua Galega — Universidade de Santiago

1. INTRODUCIÓN

Estou tratando de lembrar cando coñecín por primeira vez o colega e entrañable amigo Enrique Gargallo Gil, e non son quen de fixar o lugar nin a data en que tivo lugar o noso primeiro encontro, pero seguramente sería nalgún congreso ou nalgún evento científico dos moitos aos que adoitabamos acudir os dous. Pero si sei que o marco que facilitou unha relación máis estreita entre nós tanto no ámbito persoal coma no profesional foi o *Atlas Linguistique Roman (ALiR)*.

O *ALiR* é un proxecto de xeografía lingüística que pretende dar conta da variedade lingüística existente na Romania no seu conxunto, é dicir, en todas as linguas románicas faladas nos países europeos (incluídas as Illas Canarias e os Azores). É un proxecto xurdido como unha necesidade dentro do marco do *Atlas Linguarum Europae (ALE)*, para poder dar conta dun gran número de cuestións propias das linguas románicas que non era posible tratar debidamente no marco dun proxecto tan amplo como era o *ALE*. Non é este o lugar para explicar nin o procedemento de traballo nin os logros do *ALiR*, pero quero salientar dúas notas que me parece que singularizan este proxecto e que veñen ao caso: é un lugar de encontro dos dialectólogos máis representativos das linguas románicas (desde Galicia deica Romanía); é un proxecto que conseguiu xerar un espírito de colaboración que converteu os seus participantes non só nun grupo de investigación para lograr uns obxectivos científicos, senón nunha verdadeira familia na que

floreceu con pulo a amizade. Enrique incorporouse a este proxecto dentro do comité catalán da man de Joan Veny, mestre ao que Enrique e mais eu lle profesamos unha profunda admiración científica e polo que sentimos un especial cariño e respecto.

Dentro do protocolo de traballo do *ALiR* existe unha reunión anual, na que, entre outros temas, se examinan o estado das tarefas, as dificultades xurdidas no proxecto ou a programación para o vindeiro ano, e na que os distintos investigadores expoñen o estado das sínteses románicas das que se están ocupando, para recibiren as observacións e os comentarios pertinentes dos membros de cada comité nacional.

Pois ben, estaba previsto que a reunión do ano 2016 tivese lugar en Romanía, na localidade de Baia Mare, entre os días 28 e 30 de setembro,[1] organizada polo comité romanés do ALiR, e un día que non podo precisar de comezos do verán dese ano recibín unha chamada de Enrique para dicirme que acababa de comprar un coche novo e, se quería e tiña dispoñibilidade de tempo, podiamos facer a viaxe xuntos en coche a Romanía, proposta á que me sumei con entusiasmo, e que para min resultou unha experiencia extraordinariamente enriquecedora, que me deu a ocasión de coñecer un mozo lingüista Joan Fontana —que me sorprendeu desde o primeiro momento polo dominio impecable do galego e pola fluidez coa que falaba o friulano—, que me permitiu, sempre en compaña de Enrique e de Joan, pasar unha noite moi agradable en Grenoble con Michel Contini, con Elisabetta Carpitelli e cos demais amigos de Grenoble, e que me deu a oportunidade de facer unha *paradiña* en Remanzâs (en italiano, *Remanzaco*) para entrar en contacto directo in situ coa lingua e cultura friulanas.

É a esta viaxe á que me quero referir nesta acaída e merecidísima homenaxe ao profesor Enrique Gargallo.

2. BARCELONA-GRENOBLE

O día 15 de setembro estivera de aniversario Michel Contini, quen ademais estaba pasando por un momento delicado de saúde. Por iso non tivemos ningunha dúbida de que a primeira parada debía ser en Grenoble, para poder pasar unhas horas con Michel. Despois de intercambiarmos non poucas cartas entre os tres viaxeiros e Elisabetta Carpitelli para preparar a cea en Grenoble, acordamos encontrarnos na brasserie *Table Ronde*, na Place Saint André, ás 8:30 da tarde, e reservamos aloxamento no Inter Hotel Gambetta, no boulevard do mesmo nome.

[1] Pode verse unha recensión deste Congreso en: Rivoira, Matteo. «XXI Congresso Internazionale dell'*Atlas Linguistique Roman* (ALiR), Baia Mare (28-30 settembre 2016)». *Estudis Romànics*, 2017, vol. 39, p. 629, https://raco.cat/index.php/Estudis/article/view/321133 .

O día de autos, o 23 de setembro, collín en Santiago un voo de Vueling ás 9 da mañá, e ás 11 atopeime con Enrique e Joan no aeroporto de Barcelona onde, inmediatamente despois de cargar a miña maleta no aínda flamante coche de Enrique, iniciamos a ruta por estrada con destino a Grenoble, ruta que me resultaba moi familiar porque xa era a quinta vez que realizaba ese traxecto en coche: La Jonquera, Perpignan, Narbona, Béziers, Montpellier, Nimes, Valence, Grenoble. Practicamente non fixemos paradas, agás para tomar uns cafés, xantar e estirar as pernas, porque non lles queriamos dar plantón aos nosos amigos de Grenoble. Ás 19:30 xa chegabamos ao destino, fomos ao hotel para deixarmos a equipaxe e aseármonos un pouco, e axiña nos diriximos á *Table Ronde* onde nos esperaban os nosos compañeiros de mesa e mantel; se a memoria non me falla, alí estaban Michel Contini, Jean Pierre Lai, Tonino Romano e a súa compañeira Francesca, Michelle Duvernet... e, ao pouco tempo incorporouse Elisabetta, que viña de Lyon de formar parte do tribunal dunha tese de doutoramento. A cea estendeuse máis do que é normal en terras francesas, e foi un encontro moi agradable no que falamos de todo: das lembranzas e anécdotas vividas xuntos, dos problemas financeiros do *ALiR*, das nosas familias, da situación laboral dos investigadores máis novos do proxecto, e sobre todo, démoslle un repaso á situación dos distintos comités nacionais do *ALiR* e ás fortalezas e fraquezas da cada un deles. Falamos de todo, menos das doenzas que daquela aqueixaban a Michel que, coma sempre, mostraba un optimismo e unha forza propios dun gran guía que sempre leva na fronte unha estrela de luz e de ilusión que transmite a cantos o rodean. Custounos despedírmonos, pero ao día seguinte, aínda que era sábado, había que erguerse cedo para continuar a viaxe. Fomos andando todos ata o hotel onde nos aloxabamos e alí démonos as últimas apertas.

3. GRENOBLE - REMANZÂS

Ao día seguinte, despois de almorzar cediño, saímos de Grenoble camiño de Remanzâs, un pequeno municipio en pleno corazón do Friuli. A primeira parada fixémola para contemplar o Galibier, o mítico col que adoitamos ver na televisión cada ano os que somos afeccionados ao ciclismo e seguimos o Tour de Francia. Cruzamos a fronteira polo túnel de Fréjus e entramos en Italia por Bardonecchia, localidade que a Enrique e a min nos resultaba ben coñecida e nos traía boas lembranzas porque a alí baixabamos de vez en cando a tomar algo despois de acabar o traballo cando tiveramos unha reunión científica en Aussois. Neste traxecto da fronteira franco-italiana, á parte da de Aussois, recordamos e comentamos outras reunións do ALiR que tiveran lugar polos arredores daquelas paraxes: dúas en Annecy, pero sobre todo a reunión do Atlas Linguarum Europae celebrada en Saint

Vincent, no val de Aosta, e que se pode considerar como a fundacional do *Atlas Linguistique Roman*. Pero tamén nos lembramos das diversas xuntanzas inesquecibles que Renzo Massobrio organizou en Torino, en Fossano, en Alessandria... Lembranzas que se superpoñían e que deron lugar a animadas conversas ata que paramos para xantar á altura de Bérgamo.

A maior parte da tarde dedicámola a preparar a entrada en Remanzâs, onde nos esperaban dúas persoas realmente excepcionais, o matrimonio composto por Vanni Feruglio e Oriana Serafini, amigos de Joan Fontana, quen estivera vivindo na súa casa longas tempadas, e de quen aprendera directamente ese fluído e fermosísimo friulano que fala Joan. Máis tarde puiden comprobar que Oriana, a quen eu non tiña o pracer de coñecer, trataba a Joan coma se fose un verdadeiro fillo. Joan contáranos que a Oriana, boa coñecedora da Guerra civil española, lle gustaba moito a canción *Quinto Regimiento*, a composición de Rolando Alarcón en homenaxe a ese corpo militar de milicias populares da República, promovido polo Partido Comunista e as Xuventudes Socialistas Unificadas no ano 1936, que tanta importancia tivo nos primeiros meses da contenda. Por iso Joan bautizou a nosa expedición co nome de *Quinto Regimiento*, para homenaxear a Oriana, quen xenerosamente nos ía hospedar na súa casa varias xornadas. Non pouco tempo da viaxe pasámolo ensaiando o «Anda jaleo, jaleo / ya se acabó el alboroto / y vamos al tiroteo /y vamos al tiroteo».

Xa cansos da viaxe chegamos a Remanzâs pasadas as sete e media da tarde, e entramos no patio ao que dá a casa de Oriana. Baixamos do coche e o primeiro que fixemos, en canto apareceu pola porta, foi entoar diante dunha Oriana visiblemente emocionada, e coa máxima solemnidade de que fomos capaces: «El dieciocho de julio / en el patio de un convento / el pueblo madrileño / fundó el Quinto Regimiento...».

O matrimonio Oriana-Vanni acolleunos con todo entusiasmo e acompañounos aos cuartos que nos tiña arranxados para durmir. Mentres nos preparaba a cea saímos a dar un paseo por Remanzâs e visitar por fóra a igrexa de San Giovanni Battista. Cando volvemos, Oriana xa tiña a mesa posta, e despois dunha entretida sobremesa, e dunha fantástica grappa, fomos durmir a perna solta ata a mañá seguinte.

Ao día seguinte aproveitamos para visitar Gorizia, nun día en que coincidiu cunha curiosa e fascinante feira de produtos da gastronomía da zona, dos que desfrutamos todos, pero dunha maneira moi especial Enrique.

Fixemos unha escapada para visitar Grau (máis coñecida polo nome italiano *Grado*), esa pequena cidade que no verán se transforma coa afluencia de turistas do norte de Italia, pero sobre todo de Austria, e que no outono recobra de novo a súa

fisionomía tranquila e relaxante, sobre todo cando se camiña sen présa polo paseo Nazario Sauro.

Detivémonos tamén demoradamente en Aquileia, esa cidade patrimonio da humanidade, sede de diversos concilios, dos que o máis famoso foi o de 381, presidido por San Valeriano de Aquileia, ao que asistiron trinta e dous bispos e no que destituíron dos seus cargos e excomungaron os dous últimos bispos defensores do arianismo. Na basílica de Aquileia puidemos admirar os seus mosaicos nun estado excepcional de conservación, os frescos de distintas épocas, e a Cripta degli Scavi, onde son visibles os restos da basílica paleocristiá.

Fixemos tamén unha escapada a Cividât (en italiano, *Cividale*), onde amais de ver a cidade, nos achegamos ao *Puint dal Diaul*, esa ponte sobre o río Natisone, para a construción da cal, segundo a lenda, os habitantes do lugar pediron a axuda do demo, que llela prestou e levantou a ponte nunha soa noite a cambio da alma da primeira criatura que pasase sobre ela. A intelixencia da xente de Cividât, facendo pasar un gato por riba da ponte, permitiu enganar o demo e evitar o sacrificio dun ser humano.

Moi especial foi a xornada dedicada á visita de Údine, onde visitamos o castelo, a catedral, a Loggia di Lionello e a de San Giovanni, a Casa Cavazzini... Evidentemente, non podía faltar unha demorada parada na *Societât Filologjiche Furlane* no Palazzo Mantica, a principal institución encargada da salvagarda e posta en valor da lingua e cultura friulanas, onde tivemos ocasión de interesarnos polo *Atlante storico linguistico etnografico friulano (ASLEF)*, o primeiro atlas lingüístico rexional de Italia, dirixido por G. Battista Pellegrini, que constituíu a pedra angular para o coñecemento do friulano moderno. E fixemos escala tamén nalgunha librería, sobre todo para coñecer o material escolar existente para o ensino desta lingua.

Na casa de Oriana falamos eses días da organización de dous coloquios: un en Barcelona para o ano 2017, que se celebraría na UB o 18 de outubro de 2017 (ao que, por certo, non puiden asistir) co título *Col·loqui internacional "Mons romànics de frontera"*, no que a propia Oriana pronunciou a conferencia de clausura *Un fregul di furlan. Uno sguardo su una piccola, grande lingua.* E o outro, que debería ter lugar no Auditorium Comunâl G. De Cesare en Remanzâs, e que como consecuencia da pandemia houbo que suspendelo.

4. De Remanzâs a Baia Mare

O 27 de setembro reiniciamos a viaxe camiño de Baia Mare, saímos pola mañá cedo e axiña chegamos a Gorizia, a pequena cidade fronteiriza entre Italia e Eslovenia (cidade que en esloveno é coñecida co nome de Gorica). Todos sentimos

unha fonda emoción ao pasar por esta localidade, que coñeceramos por primeira vez había un par de días, pero que nos resultaba moi familiar por ser o lugar de nacemento de Graziadio Isaia Ascoli (1829-1907), o que é considerado por moitos como o fundador da dialectoloxía, o inventor do termo *glotoloxía,* o autor dos *Saggi ladini*, o creador da revista *Archivio glottologico italiano*, unha das revistas máis antigas da Romanística, se non a máis, das que aínda continúan vivas. Dise que foi precisamente o feito de nacer nunha poboación de fronteira lingüística o que espertou o seu interese pola dialectoloxía. O que resulta indubidable é o interese que desde moi novo mostrou polo friulano aquel xenio que sendo aínda un mozote publicou xa o seu *Sull'idioma friulano e sulla sua affinità con la lingua valaca* (1846) e que dicía «I soi nassût a Guriza di gjenitôrs israelits, i soi fî dal Friûl e mi glori di chest».

Pouco despois de atravesar a fronteira por Gorizia e, cando non percorreramos máis de douscentos metros en territorio esloveno, atopámonos coa sorpresa de que nos dá o alto unha muller policía de estradas, quen con moita amabilidade nos convidou a pagar unha multa de 150 euros por non levar a *vinjeta* obrigatoria para poder circular polas estradas de Eslovenia. O asunto da viñeta deunos tema de conversa ata chegar a Ljubljana, a acolledora cidade capital de Eslovenia. Despois de aparcar, o primeiro que fixemos foi tomar un refrixerio nun impactante bar con aire decadente decorado con madeiras nobres en ton escuro. Despois, a visita turística de rigor: o castelo, paseo polo centro histórico, admiración das pontes, visita ao mercado onde aproveitamos para comprar uns *funghi porcini* (que, por certo, tiñan un prezo moito máis baixo ca en Italia). Pero, sobre todo, gozamos do ambiente e do sabor particular da cidade.

Continuamos camiño de Maribor ata a fronteira húngara, onde, escaldados polo que nos pasara na entrada de Eslovenia, non nos esquecemos de mercar a viñeta para circular polas autoestradas. O tempo víñanos enriba, e cruzamos Hungría a lume de carozo. Só fixemos unha parada un pouco delongada no lago Balatón, o «mar de Hungría» que chama a atención pola súa dimensión, pero sobre todo pola cor azul das súas augas. Pasamos por Budapest, pero sen detérmonos, aínda que acordándonos de Ildikó Szijj e doutras amizades que debiamos visitar na cidade, pero que o retraso acumulado nos impediu realizar. Todo transcorreu con normalidade ata chegarmos xa á noitiña á fronteira de Hungría con Romanía, onde botamos unhas dúas horas para poder pasar. Un funcionario, prototipo da desidia e cun aire de arrogancia, desprezo e superioridade que nos lembraba os tempos soviéticos, empeñouse en que xa era tarde e que tiñamos que esperar ata o día seguinte. Despois de moito esperar e de moito protestar, conseguimos que nos cuñase os pasaportes e nos permitise o paso. O caso é que, aínda que anunciaramos

a nosa chegada a Baia Mare para cear co resto de participantes no Simposio do ALiR, o coche de Enrique non entrou en Baia Mare ata a madrugada. As présas por buscar un estacionamento e chegar axiña ao hotel, provocaron que o lugar onde o coche quedou aparcado non fose o máis axeitado, e que ao día seguinte debaixo do limpaparabrisas aparecese a correspondente receita punitiva. Menos mal que houbo unha man xenerosa que se ofreceu a deixar sen efecto a multa, non sabemos moi ben a través de que misterioso procedemento. Evidentemente a noite da chegada non puidemos cear, pero Mircea Farcas, o decano da Facultade de Letras e organizador do simposio, tivera a previsión de avisar no hotel para que nos deixasen uns bocadillos para matar a fame ata o día seguinte.

5. CABO

Non me podo deter nos días pasados en Baia Mare, en compañía da familia aliriana, nin da acollida excepcional dos nosos colegas romaneses, nin da viaxe de volta. Simplemente quixen deixar constancia dunha parte dunha aventura en coche que, en principio, parecía unha tolemia, pero que me permitiu visitar amigos entrañables, lembrar un gran número de vivencias pasadas, coñecer a familia fantástica de Vanni e Oriana, sentir un pouco máis de cerca o friulano, gozar da riqueza artística e cultural dos lugares polos que pasamos, pero, sobre todo, atoparme con esa extraordinaria e interesantísima persoa que é Joan Fontana e compartir uns días con Enrique Gargallo, ao que me une unha fonda amizade que vén de lonxe, que cultivamos a diario, e que non teño dúbida de que se durará para sempre.



Fotografía 1. Entrando en Remanzâs.



Fotografía 2. Diante da igrexa de San Giovanni Battista en Remanzâs.



Fotografía 3. Enrique en Gorizia.



Fotografía 4. En Grau.





Fotografías 5 e 6. En Aquileia.



Fotografía 7. En Cividât.



Fotografía 8. Puint dal Diaul



Fotografía 9. En Údine (I).



Fotografía 10. En Údine (II).



Fotografía 11. En Údine (III).



Fotografía 12. En Liubliana (I).



Fotografía 13. En Liubliana (II).



Fotografía 14. En Liubliana (III).